

Xaneiro 2015- nº 2

XXXI ASEMBLEA XERAL DE NEG

CONVOCATORIA ASEMBLEA

Convócase a XXXI Asemblea xeral de NEG, con carácter ordinario, para o sábado, día **31 de xaneiro do 2015**, no **Centro de Interpretación Ambiental de Galicia**, Parque de Belvís, Santiago de Compostela, ás **9:30** e coa seguinte Orde do día:
Aprobación, se proceder das actas da XXX Asemblea e da Asemblea extraordinaria.

1. Aprobación, se proceder, da Memoria de actividades do ano 2014.
2. Aprobación, se proceder, da Memoria económica do ano 2014.
3. Aprobación, se proceder, do Programa de actuacións para o ano 2015.
4. Ratificación, se proceder, do Orzamento para o ano 2015.
5. Elección dos cargos e ratificación das e dos representantes dos Grupos no Secretariado Nacional.
6. Resolucións
7. Rogos e preguntas.

Milladoiro - Ames, a 15 de xaneiro de 2015.
A presidenta: Mª Dolores Candedo Gunturiz

- As candidaturas para o secretariado nacional (en listas de nove persoas e, no seu caso, persoas suplentes, nas que os primeiros postos se corresponderán coa presidencia, vicepresidencia,

secretaría e tesouraría, tal e como se contempla no artigo 18 dos Estatutos) poderán presentarse ata o mesmo día da asemblea ás 10 hs.

- Igualmente poderán presentarse as propostas de resolución da Asemblea ata o mesmo día ás 11 hs.
- Toda a documentación relacionada coa Asemblea poderá consultarse (ou mesmo recuperarse) do noso sitio web no menú ASEMBLEAS, submenú XXXI ASEMBLEA XERAL. Para poder acceder cómpre entrar co usuario e o contrasinal de cada quen (se alguén aínda o ignora pode preguntalo na nosa sede)

CONVOCATORIA DE XUNTANZA

Co gallo da celebración da XXXI Asemblea Anual de NEG, convocamos a toda a asociación a unha xuntanza, que terá o seguinte programa:
Día e hora: sábado, 31 de xaneiro, **12:15 h.**
Lugar: Centro de Interpretación Ambiental de Galicia, Parque de Belvís, Santiago de Compostela
12,15 – 14,30 h. Xuntanza dinamizada polos grupos de traballo (cada grupo disporá duns 30 minutos) .

- Grupo Educadores/as pola Paz
- Grupo Cambela
- Grupo de Rural
- Grupo Cavila

15 h. Xantar de confraternidade no ***Silveira. Casa de Xantar*** (Praza de Mazarelos, Rúa Cardenal Payá, n. 18)
O xantar inclúe 1º e 2º prato, bebida, sobremesa e café (é o menú do día, polo que cada un/ha escollerá no momento) e ten un custo de **15 €**
As persoas que queira asistir ó mesmo deben facer a súa reserva a través deste mesmo correo electrónico **antes do 27 de xaneiro.**
Milladoiro - Ames, a 15 de xaneiro de 2015.
A presidenta: Mª Dolores Candedo Gunturiz

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN



Re.Cursos. Respirando alegría.
Módulo 3: "A comunidade.
Compromiso-práctica"

Santiago, 7 e 8 de febreiro.

O método **Re.cursos. Respirando Alegría** achegaralle ó educador/a ferramentas aplicables no seu espazo educativo para mellorar a atención, a escoita e a concentración do alumnado.
Para o profesorado interesado, o curso está homologado con 12 horas de formación pola Consellería de Educación e OU.
As prazas son limitadas. Tedes toda a información aquí.

VI Seminario- Obradoiro Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos

Vedra, 20 e 21 de febreiro.



É unha actividade con distintos modelos de avaliación de recursos educativos dirixidos aos distintos ámbitos de ensino.
Para o profesorado interesado, o curso está homologado con 12 horas de formación pola Consellería de Educación e OU.
As prazas son limitadas. Tedes toda a información aquí.



Obradoiros de iniciación á pandeireta, ó baile, ó canto e á fotografía

Lembramos que está aberta a matrícula para o obradoiro de pandeireta, que comezará no mes de abril!
Aínda que non conseguimos reunir suficiente xente para conformar os grupos de canto, fotografía e baile tradicional, seguimos a intentalo! Se estás interesado ou interesada non

dubides en mandarnos un email para que o teñamos en conta e avisarémoste se somos quen de formar grupo.
Toda a información aquí.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN







REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN Nº 60

Xa está na rúa o nº 60 da Revista Galega de Educación cun monográfico dedicado á lusofonía. O número vai acompañado por unha separata na que se recolle a entrevista realizada por Antía González Ben ao profesor estadounidense Michael Apple, coincidindo ademais co seu nomeamento como doutor honoris causa pola Universidade da Coruña.

O número, que xa se presentou a finais de 2014 no Culturgal, pode adquirirse solicitándoo en calquera libraría de Galicia ou ben a través da propia sede da asociación, mesmo por correo electrónico.

Toda a información sobre o número e a revista aquí.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS



Moitísimos parabéns ao noso compañeiro Jesús Rodríguez Rodríguez, que ademais é o director da Revista Galega de Educación, por este merecido recoñemento! Unha moi acertada decisión do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia aos que tamén parabenizamos!

Queres ser asociado/a de NEG?

Descarga o boletín e infórmate!
Boletín de asociación

Queres ser subscritor/a de Revista Galega de Educación?

Descarga o boletín e infórmate!
Boletín de subscrición

Facebook Páxina web Email

@Nova Escola Galega

unsubscribe from this list update subscription preferences

This email was sent to xlastra@mundo-r.com
why did I get this? unsubscribe from this list update subscription preferences
NOVA ESCOLA GALEGA · R/ das Hedras, 4-2ºO. CP 15895. Milladoiro · Ames, A Coruña 15895 · Spain

mailchimp